

# quequedequenoconte

Número 6

Panfleto de testemuña e defensa do mundo rural galego

Xuño 2013

A LOITA DE CLASES  
EXISTE... (E DE MO-  
MENTO i-  
MOS GA-  
ÑAN-  
DO...)



O rural: alternativas contra a crise

## **rexorde preescolarnacasa**

Neste episodio histórico, no que viñemos padecendo a desaparición de Preescolar na Casa (PnC), comezan a xurdir reaccións optimistas. As persoas conscientes desta perda non a podemos asumir cos brazos caídos. Ante unha privación tan importante non cabe a resignación; bule un empuxe para atopar alternativas.

Por diversos lugares de Galicia comezan a agromar iniciativas esperanzadoras. Por riba das medidas irresponsables do actual goberno galego rexorden resistencias. Érguense forzas herdeiras e semellantes ás que na súa orixe puxeron en marcha un proxecto tan comprometido. Mestras orientadoras de PnC, grupos de nais-pais e outros colectivos reaccionan contra a perda.

Ante o mutismo da Administración de cara ás reclamacións incsesantes, ante a impotencia de sermos escoitados, pasamos a acción. Organízanse iniciativas partindo esencialmente do voluntariado de diversas persoas (orientadores/as e de nais-pais e outro colectivos) decididas á recuperación dun patrimonio co que manteñen vínculos extraordinarios. Algunxs destes grupos despegan con mínimos recursos propios, outros contan coa colaboración dalgunha entidade. En calquera caso trátase de solucións valentes, para dar atención inmediata a uns nenos que se lles vai un tempo decisivo para súa estimulación, nunhas idades que non teñen agarda - como dicía Antonio Gandoy "os nenos medran, non esperan"-. Coa mesma acción sostense acceso o espírito do programa e, dentro das limitacións existentes, vaise aproveitando parte do seu potencial de recursos.

Non podemos permitir que á escasa infancia do rural se lle quite a oportunidade de asistir aos únicos encontros nos que poden gozar cos seus iguais. É imperdoable privar as nosas crianzas

desta actividade tan completa. Tampouco as familias poden asumir a perda da única oportunidade de formarse no papel máis importante da súa vida.

As persoas e colectivos vinculados a PnC negámonos a tolerar que este legado se perda no esquecemento. Non ficará afogado pola insensatez de quen ignora a súa valía, nin pola barbarie provocada por intereses de políticos. Nesta difícil transición trátase de mantelo vivo a toda costa. Lograrase actuar con longas miras, ata que cheguen tempos nos que o cometido de PnC sexa asumido polo sistema educativo público.

Para emprender esta nova andaina é bo lembrar as súas orixes e o senso actual. É oportuno facer memoria de como Preescolar na Casa se concibiu dende a acción de persoas comprometidas co mundo rural.

Coa entrega apaixonada e coa inmensa visión de Antonio Gandoy, pudo acontecer aquela "utopía realizable", como el dicía. Unha utopía agora chamada a continuar; vencendo os inconcebibles atrancos destes tempos.

**Un modelo insustituible.**  
Refírese este dito a un programa que destacou por un senso global da vida e da infancia, pola práctica creativa e por sempre optar polas más avanzadas metodoloxías. Unha intervención que se anticipa na preparación das nais e pais dende o tempo do embarazo e cun seguimento educativo modélico durante o proceso da crianza.



Cos mesmos argumentos que PnC coinciden as últimas conclusións do Consello da Unión Europea sobre Educación Infantil e Atención Infancia. Opinión contraria sae da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta cando se atreven a dicir que Preescolar na Casa é un programa obsoleto. Afirmacións tan absurdas quedan en evidencia cando se contrastan coa traxectoria do programa.

Tampouco se pode esquecer o criterio integrador deste programa en relación ao medio natural e á identidade cultural. En ningún ámbito educativo a cultura rural tivo tanta presenza. A dignificación e dinamización da cultura galega, sempre marxinada, foi un constante obxectivo do programa. A consideración da lingua galega, co debido recoñecemento, veu sendo exemplar.

Nos eidos da renovación pedagóxica dende sempre deixou a súa pegada. En ningures, coma en Preescolar na Casa, se asentaron fundamentos decisivos, baseados na experiencia e no afondar teórico. Todo isto contribuiría de xeito significativo para a reivindicación de que o período cero-tres anos sexa integrado na considerada "etapa educativa" cero-seis.

Tamén é preciso lembrar a importante militancia de PnC na Mesa Galega de Educación Infantil, (desaparecida pola falta de apoio da Administración Educativa aos Movementos de Renovación Pedagóxica), dende a que se defenderon e espallaron reflexións pioneiras. Outra tanta ben sendo a súa achega na Mesa Galega de Educación no Rural na defensa dun "plan específico para o medio rural".

Seguimos confiando nun rexurdir de Preescolar na Casa, pese a que isto non suceda polo compromiso da Administración. Non é de esperar que tal responsabilidade saia dun goberno totalmente invertido nos surrealistas rescates bancarios.

Neste lamentable momento político as alternativas xorden á marxe dos poderes dirixentes; despois de esforzos incontables faise realidade a recen creada Asociación Socio Educativa *Antonio Gadoy* como garantía para amparar e fomentar o legado de PnC. Outras grupos diversos amosan con semellantes inquedanzas.

É posible o rescate desta herdanza inmensurable. Das cinzas tamén se renace. Hai xermolos que prometen.

*Alicia López Pardo é membro da Mesa Galega de Educación no Rural e ex-orientadora de PnC.*



Estatua de Antonio Gadoy en Lugo

# recortareneducación hipotecaonosofuturo

A de educación é unha das partidas presupuestarias que más está a ser castigada polos salvaxes recortes que os galegos estamos a sufrir nos últimos tempos. Recortes nos fondos asignados aos centros educativos e nas subvencións que se prestaban ás familias para o pago do comedor escolar, dos libros e de outros servizos que están afectando ao conxunto da cidadanía, e en especial ás clases máis desfavorecidas. Os fondos para a investigación nas universidades tamén sufrieron importantes diminucións frenando o vital avance da ciencia en disciplinas tan importantes como a investigación médica e farmacolóxica e deixando sen emprego a unha gran cantidade de personal investigador, moitos deles xoves brillantes cun potencial extraordinario que agora ven só na emigración unha saída, como a viron décadas atrás os seus avós.

O goberno central leva atacando sistemáticamente á Educación desde o estalido da crise, comezou Zapatero na súa segunda legislatura e tomou o relevo con máis énfase e indo más alá do eido económico (degradando o estatus do noso idioma no ámbito educativo ata niveis inusitados nun provocador e premeditado xiro ultra centralista), o goberno de Mariano Rajoy desde o ministerio do mediático e decadente Ignacio Wert. Dende Bruxelas advítese ao executivo español do perigo que os recortes en materia educativa terán de seguro no crecemento económico futuro. Ao mesmo tempo desde Alemaña, que deixou xa de esconderse para se mostrar como o que é; o verdadeiro centro de poder decisario na UE, ínstase a seguir coas políticas de austeridade.

**“Este ataque ao noso sistema público de ensinanza é intolerábel ao igual que o é o ataque que o resto de institucións públicas están a sofrer”**

Recortar en educación nunca sae de balde e isto é algo do que ningún dirixente político é alleo, nen sequera un ministro cuxo afán privatizador e desvertebrador das diferentes realidades nacionais do estado levan a sacar adiante a peor lei educativa da historia da democracia. A educación supón unha importante inversión de futuro, inversión nas persoas que nunhas décadas levarán adiante o desenvolvemento dun país en todas as súas vertentes. Pero ditos recortes, restultan más nocivos cando se levan a cabo sobre un sistema educativo que, como o noso, xa presentaban un

importante problema de escasez presupuestaria e falta de competitividade a todos os niveis: O informe PISA, realizado trianualmente pola OCDE (a última edición publicada é de 2009) no que se mide o desempeño dos estudantes de un gran número de sistemas educativos, deixa ao sistema educativo español nunha vergoñenta 30<sup>a</sup> posición, superada por todos os países da UE a excepción de República Checa, Eslovaquia, Lituania, Bulgaria e Rumanía. Outro informe do estilo, *The Learning Curve*, da editorial Pearson, arroxa similares resultados. O gasto en educación como porcentaxe do PIB era antes da crise un 10% inferior á media da OCDE, a ratio de alumnos



por aula superior ás medias OCDE e UE21 e cun abanodno escolar entre os máis altos de Europa (un de cada tres alumnos de entre 15 e 24 anos abandona o sistema escolar sen ter completado a ensinanza secundaria, frente a media europea de un de cada cinco).

Vista a situación previa aos recortes, o futuro non semella nada prometedor para o sistema público de ensinanza, o afán privatizador da vertente más ultraliberal que parece terse imposto no Partido Popular sumado á sumisión de outras forzas políticas da oposición perante as políticas impostas desde Alemaña, están mermando a

grandes pasos a xa de por sí ferida educación pública.

Os recortes na educación pública supoñen poñer en perigo o crecemento económico futuro, crean desigualdades sociais, opónense á igualdade de oportunidades para todos os cidadáns e fan descender o nivel cultural da poboación. Este ataque ao noso sistema público de ensinanza é intolerábel ao igual que o é o ataque que o resto de institucións públicas están a sofrer e que supoñen un vergoñento transvase da inversión na sociedade e no desenvolvemento futuro cara o sector bancario, responsábel último da crise financeira.

